

**Acordo do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, polo que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción relativas ás instalacións do parque eólico Coto de Lobos, emprazado nos concellos das Neves e Salvaterra de Miño da provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2021/007).**

Sométense a información pública as solicitudes relacionadas coas instalacións que se describen a seguir, en cumprimento do disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico; na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; no Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e demais normas vixentes de aplicación.

Solicitante: Parque Eólico Cadaval y Ventoso, S.L.

Denominación do proxecto: Parque Eólico Coto de Lobos. Xuño 2024.

Concellos afectados: As Neves e Salvaterra de Miño (Pontevedra).

Potencia a instalar: 42 MW.

Número de aeroxeradores que se van instalar: 6.

Produción neta anual estimada: 116.024 (Mwh/ano).

Orzamento total (execución material): 37.954.631,27 €.

Coordenadas da poligonal de delimitación:

PUNTO	X UTM (H29 ETRS89)	Y UTM (H29 ETRS89)
1	547.517,00	4.666.295,00
2	550.000,00	4.666.295,00
3	550.000,00	4.661.410,00





4	547.517,00	4.661.410,00
---	------------	--------------

Coordenadas dos aerogeradores:

Aerogerador	X UTM (H29 ETRS89)	Y UTM (H29 ETRS89)	Concello
CL-01	548.090,00	4.665.995,00	As Neves
CL-02	548.352,00	4.665.570,00	As Neves
CL-04	548.788,00	4.663.865,00	As Neves
CL-05	548.743,00	4.664.305,00	As Neves
CL-06	548.822,00	4.663.328,00	As Neves
CL-07	548.965,00	4.662.491,00	As Neves

Coordenadas da subestación (As Neves):

Vértices da envolvente	X UTM (H29 ETRS89)	Y UTM (H29 ETRS89)
centro	548.360,36	4.661.453,21
1	548.327,20	4.661.468,32
2	548.390,01	4.661.491,98
3	548.413,78	4.661.428,85
4	548.376,39	4.661.414,77
5	548.367,38	4.661.438,71
6	548.341,95	4.661.429,14

Características técnicas recollidas no proxecto:

- Seis (6) aerogeradores tripá de 7 MW de potencia nominal unitaria, modelo Siemens Gamesa SG 170-7.0MW ou similar, de 170 m de diámetro de rotor e unha altura de buxeiro de 135 m.
- Seis (6) centros de transformación de potencia nominal aparente de 7.500 KVA, grupo de conexión Dyn 11 e tensión 0,690/30 kV, situados no interior dos aerogeradores.
- Dúas (2) liñas soterradas de 30 kV para conectar os aerogeradores entre si e coa subestación colectora do parque 30/132 kV. O circuíto 1 está formado polos aerogeradores CL-01, CL-02, CL-05 e o circuíto 2 está integrado polos aerogeradores CL-04, CL-06 e CL-07; ambos con condutores tipo RHZ1 20L(S) 18/30 kV Al + H16 e sección variable.

Instalarase pola mesma gobia a rede de terra (constituído por condutor nu de cobre de 50 mm<sup>2</sup>) e o condutor de fibra óptica para comunicacións.

- Subestación de transformación 30/132 kV está composta por:





- Dúas (2) posición de liña de 132 kV con equipo de protección e medida.
- Unha (1) posición de trafo de 132 kV con equipos necesarios de protección e medida.
- Un (1) transformador de 40/50 MVA ONAN/ONAF, de relación de transformación 132/30 kV e regulación en carga.
- Unha (1) posición de medida de tensión en barras de 132 kV.
- Unha (1) posición de servizos auxiliares en barras de 132 kV.
- Unha (1) reactancia de posta a terra de 30 kV, con limitación de corrente a 500 A, 30 s.
- Unha (1) posición de transformador de 30 kV.
- Dúas (2) posicións de liña de 30 kV para a conexión dos aerogeradores.
- Unha (1) posición de batería de condensadores de 30 kV.
- Unha (1) posición de transformador de servizos auxiliares e medida de tensión en barras de 30 kV.
- Un transformador de servizos auxiliares 30/0,420 kV de 50 kVA

Desde esta subestación proxéctase unha liña de interconexión en 132 kV con entrada-saída coa LAT 132 kV Salvaterra-Frieira (non obxecto deste proxecto).

-Liña de interconexión do Parque Eólico Coto de Lobos coa liña Salvaterra-Frieira 132 kV. Será unha liña de 132 kV en aéreo, con dobre circuíto con condutor LA-280 dúplex e dobre cable de garda OPGW2...48F.O.Terá unha lonxitude de 1.456 m e contará con 6 apoios. Con respecto ao apoio de entronque, instalarase un novo apoio no entorno do xa existente C1 FRI SAL 132 (68), non obxecto deste proxecto.

Órgano competente: o órgano competente para autorizar o proxecto da referida instalación é a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático.

Procedemento de avaliación ambiental: O proxecto da referida instalación eléctrica está suxeito a avaliación de impacto ambiental ordinaria, segundo o establecido no artigo 7.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Constitúen obxecto de información pública a solicitude de autorización administrativa previa, e de construción, e o estudo de impacto ambiental.

Documentación que se expón:





- Proxecto de execución parque eólico Coto de Lobos (Xuño 2024), asinado o 27.06.2024 polo enxeñeiro de industrial Jorge Núñez Ares, colexiado núm. 1102 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia.
- Estudo de impacto ambiental. Xuño 2024.

Polo exposto, os referidos proxectos fanse públicos para o coñecemento xeral, para que poidan examinar a documentación técnica anteriormente relacionada e, se fora o caso, presentar as alegacións ou observacións que consideren oportunas dentro do prazo de trinta (30) días, que se contará a partir do día seguinte ao da última publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia (DOG) de conformidade co artigo 33.10 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

A documentación estará á disposición das persoas interesadas nas dependencias do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático de Pontevedra (Avda. M<sup>a</sup> Victoria Moreno, 43-4<sup>o</sup> 36071 Pontevedra, teléfono 986 80 52 51), das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres, así como na casa do Concello de Salvaterra de Miño (Praza da Constitución, 1, 36450 O Castelo, Pontevedra) e na casa do Concello das Neves (Praza da Cristiandade, 1,36440 As Neves, Pontevedra).

Ademais, tamén se poderá consultar no portal web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático a través da seguinte ligazón:

<https://medioambiente.xunta.gal/enerxias-renovables/documentos-exposicion-publica>

Pontevedra, na data indicada á marxe

O Director Territorial

